

**NOTA TÉCNICA NÚM. 2 SOBRE A PROCEDEMENTO
DE TRAMITACIÓN DE CONTRATOS MENORES NO
SUPOSTO DE QUE SEXA NECESARIO ASINAR UN
CONTRATO CO PROVEEDOR**

Cando sexa necesario formalizar por escrito un contrato menor cunha empresa, o procedemento para a súa tramitación será o seguinte:

- 1) Deberá tramitarse o pedido polo importe total.

- 2) Unha vez que o pedido conste como tramitado, procederase á sinatura do contrato coa empresa adxudicataria e á confección e tramitación do correspondente documento contable “AD” de compromiso de gasto, no que se achegará o contrato asinado e no apartado de observacións se fará referencia ao pedido xa tramitado. Asemade debe procederse a vincular o pedido co AD mediante enlace ou adxunto.

- 3) Posteriormente, unha vez realizada a prestación, tramitaranse os correspondentes documentos contables “O” (recoñecemento de obrigas), previa conformidade e conciliación do pedido.